



ORDENANZA 3.17

**TAXA POLO ESTACIONAMENTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA NAS VIAS
PUBLICAS MUNICIPAIS**

Artigo 1º. Natureza e fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Concello establece la Tasa por estacionamiento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais, a que se refire o art.20.3 u) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, cuías normas atenden ao previsto no art 57 do citado Real Decreto Lexislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

Artigo 2º. Feito imponible

Constitue o feito imponible a utilización privativa do dominio público local constituído polos espazos de aparcamento en superficie delimitados para ó estacionamento de vehículos de tracción mecánica, dacordo ca normativa desenvolvida pola Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que disfruten, utilicen, ou aproveiten especialmente o dominio público local constituído polos espazos de aparcamento en superficie

delimitados para ó estacionamento de vehículos de tracción mecánica, dacordo ca normativa desenvolvida pola Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 4º. Cota tributaria

A contía da taxa por estacionamento é:

- a. Réxime xeral: Pre-pagado por un máximo de **122** minutos con un coste máximo de 1,00 €. Un mínimo de **17** minutos con un coste de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

TEMPO	TARIFA EN €
17	0,15
24	0,20
31	0,25
37	0,30
43	0,35
49	0,40
55	0,45
61	0,50
67	0,55
74	0,60
80	0,65
86	0,70
92	0,75
98	0,80
104	0,85
110	0,90
116	0,95
122	1,0

- b. Réxime xeral de longa duración Prepagado por un máximo de **245** minutos cun coste máximo de

1,00 €. Un mínimo de **37** minutos cun coste de 0,15 €. Os tempos intermedios en fraccións de 0,05 €, segundo os seguintes tramos:

MINUTOS	TARIFA EN €
37	0,15
49	0,20
61	0,25
74	0,30
86	0,35
98	0,40
111	0,45
122	0,50
135	0,55
148	0,60
159	0,65
171	0,70
183	0,75
196	0,80
208	0,85
220	0,90
232	0,95
245	1,0

c. Residentes

Establecense dúas modalidades para residentes:

- I) Tarifa normal, pre-pagado sin límite máximo de estacionamento. Cada hora ou fracción 0,15 €
- II) Con tarxeta especial de residente: **33,83** € con vixencia trimestral, expedida por trimestres naturais que da dereito ó estacionamento sin pago de tarifa normal e sin limite de tempo de estacionamento.

d. Complementaria Post-pagada por exceso de tempo señalado no ticket ata un máximo de 30 minutos: **2,68** €

e. Tarifa da tarxeta normal de residentes: **7,50** € con vixencia do ano natural da súa expedición.

Artigo 5º. Devengo

A taxa devengarase no momento en que se efectúe o estacionamento do vehículo .

Artigo 6º. Normas de xestión

1. O pago realizarase no momento de obter o correspondente boleto nas máquinas expendedoras. Dito boleto acreditativo do pago deberá exhibirse no parabrisas dianteiro do vehículo e dende un lugar visible dende o exterior.
2. O prazo de solicitude tanto para a nova petición de tarxeta de residente, como no caso de renovación finalizará o 15 de Xaneiro para as tarxetas de tarifa normal, e o 10 de Xaneiro o 10 de Abril, o 10 de Xulio e o 10 de Outubro para as tarxetas especiais. Con carácter excepcional para os novos vehículos e cambios de domicilio, habilitaranse os días 1 ó 5 de cada mes.

Artigo 7º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día vinteseis de outubro de dous mil seis. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil sete, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.